





O FARELO

Nº 65
Maio de 2022
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Letras Galegas 2022

Florencio Delgado Gurriarán



www.editorialgalaxia.gal

#LETRASGALEGAS2022

Homenaxeado co Día das Letras Galegas 2022, a figura de Florencio Delgado Gurriarán (Córrego, Vilamartín de Valdeorras, 1903 - Fair Oaks, California, 1987) permite achegarnos a unha figura clave para a literatura e a política do exilio galego.



Poeta comprometido co galeguismo, a vida de Delgado Gurriarán veuse subitamente afectada pola Guerra Civil (1936-1939) que levouno ao posterior exilio. Unha frase resume ese compromiso: “Xoguei, per-

dín, calei e marchei”. Efectivamente, veuse na obriga do exilio mais “non calou”. Perseverou nese compromiso político e literario con Galicia, agora contextualizado nesa “Galicia Exterior” que fecundaba na outra beira do Atlántico, neste caso en México.

En Galicia, a súa obra literaria comezou a desenvolverse no seu natal Barco de Valdeorras pero tamén en A Nosa Terra, Heraldo de Galicia e particularmente coa publicación en 1934 da súa obra poética Bebedeira en Santiago de Compostela. Militante do Partido Galeguista, Delgado Gurriarán participou no

xico, na que destacou Cancioneiro da Loita Galega (1943), tivo tamén presenza en Bos Aires, onde publicou en 1949 a súa obra Poesía inglesa e francesa vertida ao galego, coa colaboración de escritores como Plácido R. Castro e Lois Tobío Fernández.

Delgado Gurriarán sempre mantivo un contacto permanente coa nosa terra. Así o evidencian a súa correspondencia epistolar con Francisco Fernández Del Riego, Ramón Piñeiro e Ramiro Isla Couto así como as súas publicacións en Editorial Galaxia a partir da década de 1950, tamén co proxecto impulsado

Florencio Delgado Gurriarán, un compromiso con Galicia dende o exilio

■ Roberto Mansilla Blanco

exército republicano que loitou contra o franquismo.

Tras unha breve estada en Francia, onde destacou no seu compromiso humanitario axudando aos exiliados galegos nese país, Delgado Gurriarán embarcou en 1939 no Ipanema rumbo ao porto mexicano de Veracruz.

Foi nese exilio mexicano onde a pegada de Delgado Gurriarán tivo maior nitidez tanto a nivel político como literario. Contribuíu a organizar politicamente ao exilio galego en México a través do Partido Galeguista e culturalmente a través do grupo editorial Saudade. A súa obra literaria en Mé-

a través da revista Vieiros e a súa obra poética Galicia Infinda.

Tras esporádicos retornos a Galicia entre 1967 e 1976, que traducíronse nun vencello co seu natal Barco de Valdeorras a través do Instituto de Estudos Valdeorrenses (IEV), Delgado Gurriarán faleceu en California en 1987. A súa é unha voz autorizada dun exilio galego que mantivo a vitalidade da nosa lingua, identidade e cultura nos escuros anos da posguerra e do franquismo. Un recoñecemento hoxe plenamente correspondido con esta a súa homenaxe no Día das Letras Galegas 2022.



Día das Letras e a Galicia exterior

■ **Roberto Mansilla Blanco**

Debe celebrarse con xustiza a homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán no Día das Letras Galegas 2022. Unha homenaxe que, ó mesmo tempo, obriga ao repaso daqueles escritores que, sexa polo exilio da guerra 'incivil' de 1936-1939 ou pola emigración posterior, espallaron a lingua galega no exterior nos duros anos da posguerra e do franquismo.

Este recoñecemento é tamén para eses escritores, poetas, ensaístas, artistas, editores, xornalistas que enriqueceron enormemente a cultura galega e afondaron as bases do que hoxe, oficialmente, a Xunta de Galicia denomina como a "Galicia Exterior".

Tanto como Delgado Gurriarán, foron nomes como Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Luís Seoane, Carlos Vela e tantos outros que acadaron nos seus exilios na Arxentina, México, Cuba, Uruguai, Suíza, Alemaña, Francia, Venezuela non só unha nova patria

senón un encomiable esforzo por non perder a riqueza cultural, artística, fonética e gramática da nosa lingua neses escuros anos do franquismo.

"Porque o galego tamén sobreviviu nos xornais, nos programas de radio, nas pinturas e nos fondos editoriais que ese exilio e esa emigración levaron por Bos Aires, Cidade de México, A Habana, Montevideo ou Caracas"

Porque o galego tamén sobreviviu nos xornais, nos programas de radio, nas pinturas e nos fondos editoriais que ese exilio e esa emigración levaron por Bos Aires, Cidade de México, A Habana, Montevideo ou Caracas. Esforzos que tamén fixéronse na nosa terra, recompensados con editoriais como Galaxia, creada en 1950. Poesía, ensaio, literatura que forman parte do patrimonio galego, cunha pegada que chega ata os nosos días.

Agora ben, hai tamén unha segunda e terceira xeración desa emigración galega que ben podería ser atendida, e que incluso reclama o seu papel, como transmisor da nosa lingua e cultura "Lonxe da Terriña". Son moitos deles nados nenas capitais estranxeiras pero que non perden o vínculo, a raíz, co berce orixinal. E que se ben poden falar en castelán, inglés, francés ou alemá, non desprezan nin desestiman que o galego é tamén a súa lingua mater.

Nestes tempos de recentralización cómprebota tamén unha ollada a esas expresións literarias que fan vida fóra de Galicia pero non 'sen Galicia'. E precisar que o Día das Letras Galegas, que aínda ten a moitas e moitos galegos de pro por homenaxear, tamén lembre que esa Galicia Exterior segue aí, con tanta vitalidade, convivindo noutras sociedades que tamén son nosas.

“Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos”

Roberto Mera recupera para a historia a figura do deputado republicano que liderou a evacuación desde Francia de 17.000 exiliados durante a guerra civil

O libro “Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos”, do avogado e politólogo de Ponteareas Roberto Mera Covas, publicado por Belagua Ediciones, recibiu este sábado o premio Antón Losada Diéguez, na súa 37ª edición, na categoría de Investigación e Ensaio.

Coa publicación deste libro, Roberto Mera recuperou para a historia a vida do seu tío bisavó, o deputado republicano Alejandro Viana (Ponteareas, 1877-México DF, 1952), cuxa intervención foi decisiva para a evacuación dende Francia cara a América de 17.000 refuxiados republicanos tras o estoupido da guerra civil española.

A través dunha inxente documentación atopada en diversos arquivos, Mera Covas constrúe un libro ameno e de áxil lectura

para contar os dezaséis últimos anos da vida de Alejandro Viana, «un home íntegro e entregado aos demais», que fuxiu a Francia co goberno da República e arriscou a súa vida, acosado pola Gestapo e a Falanxe, para salvar a

foi, ademais, un relevante persoeiro do empresariado, a política e a sociedade viguesa anterior ao golpe de Estado de 1936, estanse celebrando numerosas presentacións do libro por toda Galicia, e a propia editorial

Premio Losada Diéguez 2022 de Investigación


decenas de miles de persoas antes de poder el mesmo embarcar cara ao exilio en México, onde morreu en 1952.

O libro é, en palabras do seu autor, «un acto de xustiza para un home que merecería o apelativo do Schindler galego por méritos propios e que, porén, foi vítima, como tantos e tantas, do sepulcral esquecemento imposto polo medo e o terror de corenta anos de ditadura, alongado ata os nosos días por un vergoñento pacto de silencio».

Precisamente, para facerlle xustiza, recuperar a memoria e espallar a figura de quen

Belagua publicará en breve a tradución ao castelán.

O premio Antón Losada Diéguez 2022 supón o ramo na procura do recoñecemento a unha vida de entrega aos demais, sempre fiel aos valores republicanos.



REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

CONSTRUCCIÓN EN GENERAL - REFORMAS - CANTERÍA - PANEL SANDWICH

Tafi
VALIÑO, S.L. SALVATIERRA DE MIÑO

FRAN: 637.993.690 | tafisalvatererra@gmail.com

Galeguismo e depuración do maxisterio nos comezos do franquismo. Os traslados fóra da rexión

■ Anxo Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil

Como levamos posto de manifesto en distintas publicacións, a xenreira franquista contra o maxisterio nos comezos da guerra civil foi cruel. En setembro de 1936, o gobernador civil da provincia, mediante tres resolucións inseridas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, suspendía provisionalmente de emprego e soldo a 438 profesionais do ensino primario (343 mestres e 95 mestras).

Estaban xa feitas as listas antes dos comezos da guerra? Non o sabemos. Pero había información suficiente, coa implicación do maxisterio na política escolar, reformas e innovacións da Segunda República: a posta en marcha do novo Plano Profesional para a formación do maxisterio; a nivel asociativo, o labor das Asociacións de Traballadores do Ensino (ATE-UGT), co congreso celebrado en Vigo en xuño de 1936, e o destacado traballo da “Casa del Maestro” de Pontevedra, que tiña máis de 1.000 asociados/as, e desempeñaba múltiples actividades dende a súa creación a finais de 1933; a participación do profesorado nos cursiños de selección profesional, as lembradas misións pedagóxicas polo chan galego, a metodoloxía da escola activa, experiencias freinetianas e demais. Creada a Comisión Provincial de Depuración en novembro de 1936, pola comisión pasaron durante aqueles anos máis de 1.700 mestres e mestras, a práctica totalidade do maxisterio nacional da provincia; recibiron sanción aproximadamente unha cuarta parte, con separación do servizo e baixa na escala, suspensión de emprego e soldo, traslados fóra da rexión, traslados dentro e fóra da provincia, inhabilitación para cargos directivos e para a ensinanza, expedientes de disciplina, etc. Peor sorte tiveron os que quedaron no camiño, arredor de trinta, entre xuízos sumariísimos por consellos de guerra ou os terribes “paseos”. Entre os separados do servizo e dados de baixa no “escalafón”, queremos referirnos a Gonzalo Pardellas Puga, mestre de Arcos (Ponteareas) e vogal da directiva da “Casa del Maestro”, do que nos deu novas o seu neto de Marín, con



Foto de Victoriano Taibo García, tomada de *Vida Gallega* (1919)

motivo da garimosa celebración do patrón da Facultade, Fr. Martín Sarmiento; comentounos que seu avó estivo preso na Illa de San Simón.

Se analizamos a distribución dos diferentes tipos de sancións, lévase evidenciado a opción dos traslados fóra da rexión no caso dos relacionados coa ideoloxía nacionalista ou simplemente por expresarse na lingua propia, que foron desterrados profesionalmente a outras terras, tratando de alonxalos o máis posible dos lugares de procedencia. Na provincia de Pontevedra sufriron traslado fóra da rexión un total de 33 (27 mestres e 6 mestras). 10 mestres marcharon para a provincia de Burgos, 5 para Soria, 5 para Valencia, 3 para Palencia, 1 para Zamora, 1 para Cáceres, 1 para Valladolid e 1 para Salamanca. Das mestras, 3 tomaron o camiño da provincia de Soria, 1 foi

para Zamora, 1 para Ávila, e 1 para as Illas Canarias.

Do conxunto, fixemos un relato nunha publicación recente ((Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2022: 41-45). Como mostra, aí están nomes coñecidos polo compromiso coa lingua, como foi o caso de Xosé M^a Álvarez Blázquez, mestre das Olivas (Tui), castigado a Zamora, e o seu curmán Emilio Álvarez Gallego (mestre da Seca-Pontevedra), trasladado a Cáceres, que formaban parte dunha familia moi comprometida coa Galiza, e con lazos familiares con Alexandre Bóveda, fusilado na Caeira o 17 de agosto de 1936; Luís Carragal Peón, mestre de Budiño-O Porriño, que sufriu traslado a Noviercas (Soria), que puxera en marcha a laudábel experiencia da Cooperativa Rural Anexa á Escola Nacional de Nenos (CREANN), co apoio das sociedades de proxección en Bos Aires; Victoriano Taibo García, mes-

tre de Morgadáns (Gondomar), que colaborou coas Irmandades da Fala e publicou en galego, destinado a unha escola de Villalar de los Comuneros (Valladolid). D. Victoriano foi tamén mestre de Mera, cerca de Ortigueira, nunha daquelas escolas de emigrantes que estudou Vicente Peña, en *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia* (1991), e casou cunha muller dalá.

Entre outros sancionados con traslado fóra da rexión, Cesáreo Feijoo Soto, mestre da graduada de Casablanca (Vigo), e Antonio Vidal Provenza, mestre de Famelga (Cotobade), trasladados a Soria e Burgos, respectivamente. Ambos os dous formaban parte da Comisión Nacional de Socorro aos mestres presos, con motivo da Revolución de Asturias en outubro de 1934; Fermín Blanco Alfaya, mestre de Ventosela e Marina Lago Búa, mestra de Rande (en Redondela), foron para as provincias de Palencia e Zamora, respectivamente. Para Palencia foi tamén Jesús Garrido Álvarez, mestre de Zamar (Vilagarcía), acusado de galeguista e comunista. E para Salamanca, José Ron Cabarcos, mestre de Salcedo, secretario da “Casa del Maestro”.

Preto de nós, nas terras do Condado e A Lourina, cabe destacar a Segundo Eiras Abad, mestre de San Mateo de Oliveira (Ponteareas), trasladado a Palencia, Corona E. Rodríguez Rodríguez, de Sanguineda (Mos), con traslado a Ávila, ou Joaquín Martínez Pereira, mestre de Santiago de Ribarteme (As Neves), con traslado a Burgos, neste caso, como di no expediente, porque “menospreció las leyes de la Iglesia al casarse civilmente”. Así eran as cousas.

Nestes tempos, en que as miserias das guerras están de tremenda actualidade, queremos lembralos hoxe a todos e todas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

FONTES:

Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R (2022). *Represión e depuración do maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936-1952)*. Santiago de Compostela: Andavira, 703 pp.



Director:
Guillermo Rodríguez Fdez. T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Tradución e corrección:
Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita:
Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com
Imprime:
Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade:
Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación:
Xangui Rguez.

Colaboradores:
GALIZA: Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PAIS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).
Fotografía: Hernández e departamento propio

Depósito legal: VG-14/2017




Porque somos reintegracionistas

■ Eduardo Maragoto

O reintegracionismo, que professo, pretende diluir as fronteiras entre o galego e o portugués, sobretudo as mais artificiosas, por exemplo a ortográfica. Quer dizer, aquelas que no fundo som responsabilidade de decisións políticas.

O que nós propomos nom é mudar as palabras xeito ou carballo por outras na oralidade, senom que seja possível escrevê-las com a mesma ortografía que se usa nos outros países de língua histórica galego-portuguesa. Desta maneira, jeito ou carvalho multiplicariam o seu valor comunicativo, pasando de comunicar com 2.000.000 de pessoas a mais de 250.000.000.

Por enquanto, o enorme valor que intrinsecamente tem a nossa língua tem sido desaproveitado, o que acaba por repercutir negativamente na própria saúde do galego, que é visto como inservível por uma grande parte da sociedade. Isto não nos deve levar a pensar que as pessoas nom valorizam o seu patrimonio linguístico. Valorizam e gostariam de poder protegê-lo, mas na atualidade isso é difícil porque o galego se tornou num elemento prescindível em termos económicos e laborais, e infelizmente só se mantém pelos afetos. E nós não podemos pedir ao povo galego que faga o esforço de preservar a língua só por afeto. A língua tem que ser útil à sociedade. Eis a razão porque o reintegracionismo insiste em que devemos



torná-lo apto para a comunicação com os outros países de língua portuguesa. Prescindível dentro do Estado espanhol e sem utilidade fora, o galego tem pouco futuro.

Eu tenho a certeza que esta norma reintegracionista vai acabar por ser adotada de algum modo, porque apesar de ainda nom ser oficial, o seu número de utentes continua a aumentar e o atual mundo hiperconectado acabará por impor mais realismo às políticas linguísticas. Nos anos 80, quando se tomou a decisão que nos levou à adoção da atual normativa, só se tiveram em conta razões sentimentais, mas se aquela mesma decisão tivesse de ser tomada hoje, seria muito diferente, pois creio que hoje seriam tidos em conta muitos mais elementos.

Com uma política linguística mais racional a nossa língua poderia ser uma forma de multiplicar a nossa cumplicidade cultural, económica e comercial com muitos países, abrindo aos galegos e galegas uma janela de oportunidades culturais, laborais, económicas e de todo o tipo. Teríamos no galego uma ferramenta de progresso em vez de uma pesada carga que nos esforçamos em proteger sem muito êxito.

Em definitivo, eu, nós, somos reintegracionistas porque entendemos que facilitar a conexão com o mundo lusófono é a melhor garantia para a sobrevivência do próprio galego como língua de comunicação.

para mim

■ Bernardo Penabade Rei

Estou em sintonia com o -nh- e o -lh- de caminho, filho, olho e pinheiro desde o início dos anos 80. Como naquela altura ainda nom existia o ensino do nosso idioma nos centros educativos, o meu conhecimento de que era possível plasmar na escrita as palavras que falávamos chegou por um feliz acaso. Foi através de Martinho M. Santalha, que nos facilitou a sua própria obra Directrizes para a reintegração galego-portuguesa e que nos abriu as portas aos artigos jornalísticos de Ricardo Carvalho Calero.

Na Universidade de Santiago participei na segunda fornada de reintegracionistas, que nos formamos em cursos organizados na residência do Burgo, com a leitura dos primeiros livros editados

pola AGAL e em jornadas culturais em que participavam o próprio Carvalho e os seus discípulos e discípulas mais próximos (José Luís Rodríguez, Maria do Carmo Henríquez, Aurora Marco, Xavier Alcalá, Manuel Portas, Elvira Souto...). Com aqueles conhecimentos, tomamos a responsabilidade de transmitir o legado à mocidade que se foi incorporando desde o trânsito entre séculos até agora mesmo.

No presente, passados 40 anos, continuo pensando o mesmo: o ideal é que o idioma galego se escreva à galega, no sistema tradicional. Se temos a sorte de que se projectasse a outros países e que nesses outros países se conservasse, temos plena legitimidade para recuperá-lo. Sendo fieis à nossa história, aprovei-

tamos a dimensão internacional, que nos favorece.

Dito isto, quero também deixar claro que coincido plenamente com as ideias de Carvalho. A força do reintegracionismo está na pedagogia, no discurso persuasivo. Somos umha Ponte nas Ondas ou, o que é o mesmo, um conjunto de Cantos na Maré. Noutras palavras: somos Semente.

Nestas semanas passadas foi notícia o debate entre os presidentes da AGAL e da RAG no instituto de Valga, um debate que acompanhei com grande interesse. Fiquei encantado com a sensatez dos discursos, coincidentes no substancial, e tenho a certeza de que esse é o caminho a seguir.

Imposições, nunca; maos tendidas, sempre.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
 986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
 Telf: 986 66 79 13
 Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
 Telf: 698 126 552
 milfollas@mun-do-r.com

Talleres
Guiller Motor

Venta de vehículos usados

Puza-Lira, 24
 36459 SALVATERRA
 (Pontevedra)
 Tel/Fax 986 66 15 41

TALLERES

Onde andamos? Discutindo pactos tácitos de discordia ou buscando alternativa viable de acordo lingüístico que nos abraça e lembre máis aos nosos veciños? Onde anda a nosa Patria feita Mai, feita pobo? Existimos? Hai alguén por aí, representándonos? Pode ser que esteamos xa en ningures. Miranme raro, falando como falo. Non constamos. Fálase de Cataluña, fálase de Euskadi. Como? Aparecen en debates, nós nin imos invitados? Galiza ou Galicia? O problema é Nós, seguimos ausentes, non representados. Todo vai como ía hai moitos anos, levannos por onde queren. Quizais non abonden as palabras. Non se percibe nada novo, as causas seguen botando silvas. A Lingua vai a menos. Seguen asegundándonos, eles teñen o dereito, nós a posibilidade imposible. Non interesan do noso debate. Ninguén patulea ou berra. Imos perdidos alá enriba, esquinados e recibindo as nubes de todas as borrascas que anubran. O AVE chegou fóra de tempo, dentro de pouco non pagará a pena, non quedará xente para empregalo. Ímonos despoboando! Seica as pensións galegas son as máis baixas. Silencio, ninguén diga nada, axudarémonos dunhas verzas da horta. As minas teñen mineral e acubillo, anque poidan estragar terras, ríos, fontes, o aire. Non pasa nada! Agora

somos unha potencia en aire e vento. Pois veña eólicos, dos máis grandes, dos que dean -para fóra- máis beneficio. Todos comulgamos ferros. E a

porte? Para abaixo todos os santos axudan. E a Tvga? Desde os momentos da imposible harmonía bilingüe ou do trilingüismo multifunción, promete-

están conformes, cobran a fin de mes. O Noso queda atomizado en pequenas siglas e parroquias, humildes case de micro-toponimia que coa par-

Letras Galegas, espello onde mirarnos

■ Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero.

pesca? Agora co prezo dos carburantes case non paga a pena saír ao mar. Hai prazos para a sardiña, desde o catro de agosto ao doce, nada máis. E a industria, que industria? E o trans-

ron falar ben o galego. Seguen cos castelanismos e tempos compostos. Agora son de “hablemos en diverso”. E o noso idioma? E aquel vello galeguismo defensivo? Onde vai? Nada,

celaria perdeuse de si mesmo. Vellas e novas siglas incapaces de confluír en mínimos de dignidade e que nos saquen desta vergoña, e esixir o respecto debido deste anonimato mortal da Lingua, neste suicidio colectivo de pasar a ser catro provincias pinchadas nun mapa. Será posible! Será Galicia ou Galiza? Mentres discutimos, levan adiante eucaliptizacións masivas, contaminación de augas, vacas tolas en Erimsas, contaminación de terras, minas a ceo aberto, contaminación do aire, lodos e montañas de lixos, eólicos de 200 metros, espazos e paisaxes e a beleza sen remedio. É a desfeita do rural. Se calamos, cálannos! E se nos calan, preferirannos mudos. Estamos xa coa Nosa Lingua en mínimos! Faltos do espello na beleza do Noso.



Quando falas da Galiza colonizada geralmente observas um sorriso incrédulo no teu contertulio como se de uma exageração se trata-se. A pouco que medites compreenderás que

ções. Manter ao povo galego na ignorância de sua historia, do seu passado, de seus heróis e do que significou no concerto de reinos europeus no seu tempo foi uma longa e teimosa ocultação da histo-

aparecer seu escudo (grande copa com trevos ou cruces) por toda Europa desde o Concilio de Frankfurt no 794, representando a realidade de um Reino, o galego, independente da outra entidade ibérica, Spaniarum; se acudimos aos mapas da época comprovaremos p. ex. que no grande mapa europeu do sec. VII, chamado de Ravena, diferenciam-se dois grandes espaços para Iberia, um denominado Spania, que coincide com a área visigótica e o outro Galletia; outro provenzal do S. XII marca como naquela altura Gallicia e Hyspania denominavam realidades diferentes; o da rainha Sancha I de Galiza estabelece como fronteira entre a Gallecia e a Spania o rio Iberus (Ebro); e no considerado mapa mais preciso do mundo entre sec. XII e XIV, do geografo árabe mais importante, Al-Idrisi, aparece o Reino de Galiza como espaço Cristiano na península e España como território de âmbito muçulmano. Podemos acudir a toda a historiografia árabe da época ou ao Códice Calixtino, Tombos de Celenova e de Toxos Outos, Cronicom Irenense, Historia de Compostela, etc.

No sec. XIV podemos afirmar que nada se produzia na Galiza, desde as suas classes dirigentes, laicas ou eclesiásticas (excepto neste último caso se eran em latim) que não fosse em galego, que daquela era a língua oral e coloquial. Nossas letras vêm de antigo, como nossa historia. E de todo isto fala um livro excepcional, de obrigada e satisfatória leitura, o do prof. Francisco Rodríguez, titulado “Unha Etapa Estelar e Conflitiva de Galiza” (A relevância do Reino Galego medieval).

Letras galegas

■ Nemésio Barxa

te atopas fronte ao estádio mais outo da colonização: o colonizado deixa de ser consciente da sua singularidade para aceitar integrar-se no mundo do colonizador, geralmente num plano de inferioridade. Uma arma infalível em todo processo colonizador é privar ao colonizado do conhecimento de seu entorno, da sua historia, do seu valor como pessoa, de sua cultura, da sua língua e incluso do seu nome.

Dúvidas aparte eu encorajaria ao possível leitor para que analisasse sem preconceitos aquelas circunstancias mais evidentes no evoluir do nosso país, como pode ser a modificação de nomes de lugares, cidades, apelidos... para adapta-los ao idioma de colonizador, o castelhano, justo o mesmo que fixo o cristianismo com os nomes dos deuses, lugares de culto, tradições, etc, pagãs, para substitui-los por nomes de santos, cristianizar as tradi-

ria real mientras se elaborava uma historiografia convenientemente deturpada para considerar España, liderada polo reino de Castela, como uma nação única, fundada polos visigodos e por eles recuperada da invasão árabe, que se concreta ja na “Historia de los Hechos de España” do arcebispo Ximénez de Rada, segundo encargo do rei castelã Fernando III, ao serviço da construção de um império castelhanista antigo e glorioso, confessional católico e repressivo a favor da concentração do poder oligárquico..

Porem o reino suevo da Gallaecia é o mais antigo reino medieval de Europa, que previveu perto de 200 anos, anterior a Castela e incluso a Spania. Depois o Reino da Galiza sempre teve relevância própria e total independência da Hispania; que refletem circunstancias tanto objetivas como

Día das marcas galegas

Xoán Carlos Caballero Alonso



Hai pouco, no bar que adoitto frecuentar, entrou unha persoa que pediu unha Estrela. Non pronunciou outra palabra. Estrela, a secas, sen máis detalles. Chamoume a atención o acento e non puiden evitar xirar a cabeza. Dubidei entre se era un irlandés nacionalista do *Sinn Féin* ou un galés do *Plaid Cymru* comprometido coa lingua. Tras escoitalo quedei pensando un bo anaco e pasóuseme pola cabeza escribirlle unha misiva a Los Hijos de Rivera, explicándolles que non sería una mala idea comercializar a cervexa co nome en galego. Polo menos, en territorios

anglófonos resultaríalle máis doado introducila, dada a incapacidade que alí teñen para pronunciar o fonema /ll/. Non ten sentido pedir unha Estrela no Reino Unido e que che sirvan unha Estrella. Sería un pequeno xesto, cara o país e cara a lingua, que unha marca punteira vendera o seu produto galeguizando o seu nome.

Algo semellante sucede no Brasil, onde viven dous centos millóns de habitantes e no que a cervexeira coruñesa ven de facer unha inversión de tres centos millóns de euros. Un brasileiro xamais pedirá unha Estrella, senón unha Estrela, para mariadala cunha feixoada. Polo tanto, non sería máis razoable que pediran a cervexa no seu idioma para sentirse máis identificados coa mesma? Non tería a compañía máis doada a comercialización da marca ao outro lado do Atlántico?

Casos coma este repítense en tódolos sectores económicos, xa que vestímonos en *Pull and Bear*, viaxamos ao traballo nun *Seat Arosa*, lemos

La Voz de Galicia e *El Correo Gallego*, escoitamos a *Los Suaves*, comemos sardiñas en conserva *El Puerto Gallego*, cantamos o segundo himno, *Miña Terra Galega*, en castelán e a cidade de *Orense* aínda segue estando habitada.

Dende a política, sobre todo dende a Consellería de Educación, poderíanse tomar decisións que, sen dúbida, normalizarían o uso da fala,



como por exemplo, comunicarse cos nenos en galego dende que se incorporan ao sistema educativo á idade de tres anos. Se houbese un mínimo de compromiso, poderíase potenciar o idioma, pero pouco se pode esperar cando tivemos un expresidente pontevedrés, que na vida se lle escoitou dicir unha palabra na nosa lingua e que pasa as vacacións nun lugar imaxinario chamado Sanjenjo. Non obstante, si creo que dende a empresa sería doado, se non houbera tanto complexo, facer un aceno que axudaría a colocar a Galiza e ó idioma no mapamundi. Xestos tan sinxelos como eliminar a letra “L” de Estrella serían suficientes e non creo que influírán na ventas do produto.

A pesares de todo, abundan os que non renuncian ao pracer de tomar unha cervexa Lobishome cunhas Churrusquiñas en aceite de oliva, lendo A Peneira, escoitando a Baiuca ou Tanxugueiras e abrigarse cun xersei do Reizentolo cando sopra o vento nas Rias Baixas.

50 anos da I Mostra do Libro Galego en Cataluña

 Real Academia Galega

A Biblioteca da Real Academia Galega lembrou, co gallo da celebración do 23 de abril, o quincuaxésimo aniversario da I Mostra do Libro Galego en Cataluña, unha iniciativa concibida para ofrecer ao público catalán unha imaxe da evolución histórica da cultura galega.

A exposición, que puido verse en Barcelona do 17 de maio ao 17 de xuño de 1972, foi patrocinada pola Galería Sargadelos e contou coa colaboración de institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Penzol, o Museo Carlos Maside e a propia Real Academia Galega. Da organización encargáronse Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, membros da RAG, coa colaboración do escritor e tradutor Valentín Arias.

Entre as valiosas obras da RAG que se puideron ver en Barcelona destacaba unha das xoias da Biblioteca, a *Descripción del Reyno de Galizia y de las cosas notables del (Mondoñedo, 1551)*, primeira gran descrición do Antigo Reino de Galicia e da que se conservan moi poucos exemplares. O seu autor foi Bartolomé Sagrario de Molina, malagueño namorado de Galicia.

Tamén expúxose o catálogo elaborado por Luís Seoane que recollía as pezas que facían referencia á época medieval, con especial atención aos cancioneiros comprendidos do s. XII ao XV, as referidas ao período de castelánización e, xa no s. XVIII, co despertar da conciencia galega, as que daban protagonismo a frei Martín Sarmiento (1675-1772), con títulos como o Onomástico etimolóxico de la lengua gallega (Tui, 1923) ou Origen y formación de la lengua gallega (Buenos Aires, 1943). A parte do s. XX centrábase no labor que desempeñaron as Irmandades da Fala, a xeración Nós ou o Seminario de Estudos Galegos e daba protagonismo á figura de Castelao.

Os organizadores concibiron así mesmo unha sección de libros editados en América, que daban conta da actividade cultural da Galicia emigrada, e outra dedicada a obras sobre a lingua, con títulos como Gramática galega, de Juan A. Saco y Arce (Lugo, 1868), Dicionario galego, de Juan Cuveiro Piñol (Barcelona, 1876) ou Sobre lingua e literatura galega, de Ricardo Carballo Calero (Vigo, 1971).



A Cañiza coa lingua



CONCELLO DE
A CAÑIZA

Son dos que opinan que o Día das Letras Galegas debería mudar o seu obxectivo fundacional de divulgar a literatura galega por outro formato que explore novos horizontes. Esta exclusividade deixa sen visibilidade outros espazos nos que se xoga o futuro da lingua. Aínda máis: grandes franxas sociais non se sinten atraídas, en absoluto, polo carácter destas celebracións literarias; míranas de esguello.

As mudanzas sociais habidas desde 1963, ano da súa institucionalización, deica hoxe foron moitas.

que a cada pouco ofrecen as enquisas sobre os usos lingüísticos son reveladores nese sentido.

O desinterese pola regaleguización doutros ámbitos sociais produciu espazos estancos ocupados pola lingua castelán, malia contarmos cun Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia. As orientacións propostas polo Plan deberían ser motivo de reflexión para reorientar esta convocatoria, procurando outros protagonistas e maiores adhesións para a galeguización social.

hoxe é posible escribir de todo en galego". Cando afirmaba isto en 1959, o escritor valdeorrés, estaba a referirse, sen citalos, por poñermos algúns exemplos, a Rof Carballo, figura de contrastado galeguismo, de gran prestixio no eido da medicina sicosomática europea, que viña de publicar dous anos antes na Editorial Galaxia "Mito e realidade da Terra Nai", un tratado científico de medicina antropolóxica, e a Antón Beiras, tamén de militancia galeguista, autor do primeiro traballo de investigación escrito en lingua galega sobre o estravismo. Tamén co-

tura en galego, lían con naturalidade os relatos científicos expresados no noso idioma.

Por eses anos, a Revista de Economía de Galicia, que se publicaba en castelán porque as autoridades franquistas prohibiron que se editase no idioma do país, reiteraba nos seus editoriais o dereito a utilizar en espazos inéditos -economía, ciencia, publicidade- a lingua galega.

A celebración do 17 de maio debería denominarse Día da Lingua Galega. Con esta mudanza de criterio, incorporaríanse outros sectores sociais; sen eles é imposible a regaleguización do país. Desactivando ao tempo a mensaxe subliminal da diglosia que calou tan fondamente nalgunhas mentalidades, desprezando a nosa identidade cultural subordinándose a "linguas de comunicación universal".

Hai razóns sociolingüísticas que aconsellan a innovación desta xornada reivindicativa. Por poñermos algúns exemplos: os consumidores son decisivos na galeguización da economía, caso de amosaren preferenza polos produtos etiquetados no noso idioma. Tamén habería máis procolos notariais na nosa lingua se no caso dos testamentos houbera vontade persoal de escrituralos nela. O dito: hai que ampliar o discurso galeguizador, e para iso cómpre ampliar o abano participativo, reducindo a exclusividade literaria.

O Día das Letras Galegas e a diglosia


■ *Xosé González Martínez*

Cómpre innovar, sen que iso implique descoidar o conseguido. No ámbito universitario a oferta de especializacións ampliouse, quedando as humanidades proporcionalmente moi reducidas. A incorporación do estudo da lingua galega ao curriculum escolar tivo, evidentemente, efectos positivos na identificación dos galegos e galegas coa súa identidade, pero non na medida que debera. Os datos

Florencio Delgado Gurriarán, figura central do Día das Letras Galegas, era coñecedor das mudanzas que se estaban a producir no seu tempo. Por iso, cando formou parte do Consello de Redacción da gran revista que foi "Vieiros", editada polo exilio mexicano, era partidario de publicar nela máis artigos sobre temas económicos, máis ciencia "aínda que haxa menos traballos puramente literarios, xa que

ñecía Gurriarán a experiencia de "Zeltia", afamado laboratorio dedicado á investigación de produción de pesticidas, onde tiñan acubillo recoñecidos científicos galeguistas antifranquistas, que editaba o "Almanaque Agrícola ZZ", integramente en lingua galega; unha novidosa experiencia no campo da comunicación empresarial. Os seus lectores, que endexamais tiveran nas súas mans un libro de litera-

ANTOMAS



Non é o primeiro dos desterrados que se recoñece cun Día das Letras Galegas. Infortunadamente. En tempos iniciais da celebración, en 1964, Castelao, que pasara os últimos catorce anos da súa vida sen pisar a terra e facía outros tantos que morrera, foi o homenaxeado. Viñeron despois símbolos da cultura ga-

renovadora das literaturas europeas de maior relevo, era imprescindible tanto porque “os aires de fóra limpan, renovan e refrescan”, como se dicía no limiar daquela edición, como para conseguir, en palabras da Federación de Sociedades Galegas en B. Aires, que a voz de Galicia se ouvisen no mundo e as do mundo en Galicia.

Exilios

■ *Carlos Méixome*

lega realizada en Bos Aires: Luís Seoane, Blanco Amor, Dieste, e, en tempos mais achegados, Lorenzo Varela. É evidente a forza numérica e cultural da emigración arxentina.

Coidamos que a Real Academia, ademais dos valores literarios de Florencio Delgado Gurriarán, quixo render, por figura interposta, homenaxe ao Padroado da Cultura Galega de México e á revista Vieiros, derredor da que se arrexuntaron, entre outros, o mestre e activista Luís Soto, o cineasta Carlos Velo, o arquitecto Caridad Mateos e o pintor Arturo Souto, ademais do propio Florencio D. Gurriarán.

Xunto a este último e mais a Plácido Castro, defendida a súa memoria con constancia e brillantez pola fundación que leva o seu nome e na que Xulio Ríos desempeña un papel sobranceiro, Lois Tobío sumou esforzos para publicar na editorial Alborada de Bos Aires unha selección de poesía inglesa e francesa vertida ao galego. Hai unha reedición en Galaxia en 2005.

Naquela altura, 1949, establecer relacións entre a nosa e outras linguas, vincular a nosas letras coa poesía máis

Os que se puñan mans á obra eran tres homes do exilio. Dous deles de prolongado desterro: Gurriarán en México e Tobío no Uruguai. A residencia en Londres de Castro foi menos prolongada. Este último escolleu dez poetas en inglés, entre eles unha muller, Christina Rossetti, e tres irlandeses: AE, pseudónimo do independentista George William Russell, Padraic Colum e o Premio Nobel, W.B. Yeats. Gurriarán escolmou 13 poetas en francés, algúns dos máis nomeados daquela e na actualidade: Verlaine, Mallarmé, Valéry, Claudel, Cocteau... Tobío espellicou catro autores en inglés (Shelley, Keats, Tennyson e Longfellow) e seis de lingua francesa (Baudelaire, Verlaine, Bourget, Rimbaud, Laporte e a poeta Louise de Vilmorin). Tobío achegaríanos máis adiante a tradución de obras cimeiras da literatura alemá, como o Fausto de Goethe, que vén de reeditar Laiovento (2021), Os sonetos a Orfeu de Rilke ou a Nai Coraxe e os seus fillos de Brecht.

Tobío pousou, tras o seu, en inicio, itinerante exilio (EE UU, Cuba), na banda oriental do Plata, no “país

chiquito”. Dende alí teceu entre bambolinas os esforzos do galeguismo por manter viva a nación (inspiración xurídica do Consello de Galiza, edición e corrección dos dous primeiros tomos da Historia de Galiza que dirixiu Otero Pedrayo, xestión do I Congreso da Emigración, ...). Restituído no seu posto no Ministerio de Exteriores na capital do Estado, dedicoulle anos ao estudo e divulgación, nun bo feixe de artigos e varios libros, a Diego Sarmiento de Acuña, ou da Cuña, primeiro Conde de Gondomar.

Aínda tivo tempo de ofrecernos as súas memorias, xénero no que, segundo asemella, as xentes do interior non se atopan moi a gusto, e convertelas nunha grande obra literaria, precisada dunha urxente nova edición. Refírome a As décadas de T.L. (Do Castro, 1994).

Sería unha boa nova que se acordasen de Tobío para un Día das Letras e, de paso, podermonos lembrar da comunidade exiliada e emigrada que se xuntou arredor de Manuel Meilán, Xesús Canabal, Antón Crestar, Alfredo Somoza e moitos outros para argallar o primeiro programa radiofónico na nosa lingua, denominado como a obra de Catelao Sempre en Galiza, e impulsar o Patronato da Cultura Galega de Montevideo.



laguardia & moreira
FORMAS DE VIVIR A HIGIENE DO SEU TOILET
laguardia-moreira.com

In-Wash®
 EL WC QUE
 TE LAVA CON AGUA

Os problemas dos nosos homes ilustres na emigración

■ Antonio Lorenzo González, “Antón Xaque”

Manuel Puente González: Este home, bastante descoñecido aínda no seu concello, nace na parroquia de Oleiros, Salvaterra de Miño, un 16 de agosto de 1890. Moi xoven trasládase, coma tantos galegos, a República Arxentina, co paso do tempo e os avatares da vida que lle sorri, fan del un acaudalado home de negocios.

O final da guerra civil, grazas as xestións feitas diante do goberno arxentino, logrou socorrer e rescatar a Manuel Mariño Méndez, último alcalde republicano de Salvaterra de Miño, preso nun campo de concentración na Franza.

Na primavera de 1940, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, instálase en Bos Aires, axudado por Puente. Nesa cidade adícase, entre outras cousas, a continuar traballando nas obras “Sempre en Galiza” e “As cruces de pedra na Galiza”. En 1944 pu-

blicase a primeira edición do “Sempre en Galiza”.

Ramón Otero Pedrayo viaxou a República Arxentina no verán de 1947. Alí atopouse con Castelao a quen non voltara a ver dende 1936. Entre outras cousas, xurdiu o proxecto de escribir unha Historia de Galicia, detrás estaba Puente.

O 25 de xullo de 1950, Puente fíxose socio da Editorial Galaxia, tiña as accións 380 - 389, contribuíndo directa e indirectamente a súa fundación. Ese mesmo ano, prestou axuda para a primeira edición do libro “As cruces de pedra na Galiza” de Castelao.

En 1956 foi o Presidente da comisión organizadora do Primeiro Congreso da Emigración Galega a carón do Secretario e máximo impulsor do acto, Antón Alonso Ríos, este último autor da obra “O señor Afranio ou de cómo me rispei das gadoupas da morte”.

Foi tamén Puente o que financiou en 1961, a

segunda edición do “Sempre en Galiza” de Castelao, chamado Biblia do Galeguismo. Foi Manuel Puente, como non, quen costeou no 1962, os dous primeiros tomos da voluminosa obra “Historia de Galiza”, dirixida por Otero Pedrayo.

En 1968, auspiciou e organizou os Xogos Fro-raes do Idioma Galego, celebrados o 31 de agosto dese ano en Bos Aires. Acompañárono nesta tarefa Antonio Alonso Ríos e como Mantedor X. Lois Méndez Ferrín. Destacaron poetas como Celso Emilio Ferreiro, Xosé Sesto López, Manuel María Fdez. Teixeira, etc. Rematou o acto coa intervención de Jorge Luís Borges.

Menos de dous anos despois, o 24 de marzo de 1970, unha doenza acabou en Bos Aires coa vida dun galego “bo e xeneroso” auténtico baluarte do mecenazgo galeguista.

Unha homenaxe a “As letras de Florencio”

■ Lucía Lareo Pena

Nado en Ourense (27 de agosto de 1903) e finado nos Estados Unidos (14 de maio de 1987), Florencio Manuel Delgado Gurriarán, segundo a Real Academia Galega, constitúe unha das figuras máis memorables das letras galegas na emigración. Poeta, tradutor, editor literario, articulista e fío condutor entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior.

O autor, foi un claro defensor da cultura galega, marcando isto a súa historia vital. No ano 1924 licenciouse en Dereito pola Universidade de Valladolid. Anos máis tarde, no 1933, ingresou no Partido Galeguista, para no ano seguinte comezar a publicar na revista Nós a súa primeira sección Bebedeira. O estalido da Guerra Civil fixo que se trasladase a

Oporto (Portugal), acadando posteriormente territorio francés ao asentarse en Burdeos. Chegou a Barcelona no 1938 e nese mesmo ano comezou a exercer como Secretario de Propaganda á executiva do Partido Galeguista. Concluída a Guerra Civil exiliouse en México, país no que exerceu profesións diversas. No exilio colaborou con varias organizacións como Alianza Nacional Galega ou O Fogar Galego. No ano 1944 participou como mandatario do Partido Galeguista no pacto Galeuzca, formando parte do Consello de Galicia en México. Dirixiu, coa colaboración de Carlos Velo e Luís Soto, a revista Vieiros, impulsada polo Patronato da Cultura Galega en México. En 1976 e 1981 retornou a Galicia para tomar

posesión do seu cargo como membro da Real Academia Galega e do Instituto de Estudios Valdeorreses.

Con obras como Bebedeira (1934), Cancioneiro da loita galega (1943), Poesía inglesa e francesa vertida ao galego (1949), Galicia Infinda (1963), Cantarenas (1981) ou O soño do Guieiro (1986), Delgado Gurriarán mantivo viva a chama da identidade galega, conformándose como un referente da historia contemporánea grazas ao seu compromiso coa lingua e a cultura galega.

O poeta de Córrego é o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022. Así, Valdeorras festexa vitoriosa o acontecemento polo que levaban loitando máis de dúas décadas e que impulsou a creación do proxecto “As letras de Florencio”, unha alianza dos Conce-

llos de O Barco de Valdeorras, Vilamar-tín de Valdeorras, Petín, A Rúa e Rubiá, aos que se sumaron apoios como o do Instituto de Estudios Valdeorreses e a Deputación de Ourense, tal e como afirman na súa páxina web oficial.

En palabras de Delgado Gurriarán, os seus “poemas, poemiñas e poemoidos, que son apoixonados e carroxentos por seren fillos de circunstancias carraxentas e apaixonadas; serán de acordo co xuízo do lector xustos ou inxustos, mais sempre sinceros”. A sinceridade na súa escrita invade neste 17 de maio a todo o pobo galego que celebra a vida e obra do poeta de Córrego, unha historia, non só literaria, que deixou pegada máis alá do transcorrer dos anos.

GASTRO - TABERNA

Cocina Gallega







As Pedriñas Novas




Madrid - Ortega y Gasset, 66 Telf.: 914 014 445

Trato amable, menús sabrosos y precios-calidad-variedad normales

 **Lista**



Busto no Malecón do Barco

O xornalista e escritor José Antonio Gurriarán xa ten o seu busto no paseo do Malecón do Barco de Valdeorras. Organizado polo Concello, que encargou a obra ao artista Gelo de Tremiñá, no acto de homenaxe estiveron familiares e amigos de José Antonio.

O Encontro de Poetas de Valdeorras homenaxea a Florencio Delgado con versos inéditos

Celebrouse a décimo terceira edición do Encontro de Poetas de Valdeorras, no que poetas de toda Galicia presentaron creacións orixinais e inéditas inspiradas en Florencio Delgado Gurriarán. Os actos foron en Córghomo, no Concello de Vilamartín, terra natal do autor homenaxeado.

Tralo parón provocado pola pandemia da Covid 19, o Encontro de Poetas de Valdeorras retomou a súa cita anual, cun programa dividido en dúas partes: a primeira, co protagonista do Día das Letras Galegas e, na segunda, coa presentación de pezas sobre a soidade, un

sentimento que nestes últimos anos estivo moi presente. O evento comezou na Praza da Aira da Cruz, e tralos recitados trasladáronse ao espazo de arte Conde y Torino, no propio Córghomo, para un concerto de piano e voz a cargo de Chiruca e Mauro.

No encontro participaron poetas veteranos, pero con presenza dos máis novos, ao repetirse a participación do alumnado do IES Cosme López. A rapazada leva un tempo estudando a obra de Florencio e recitaron poemas propios inspirados nel.

Roteiro arqueolóxico e presentación dun libro en Vilamartín

O libro Florencio Delgado Gurriarán. Unha antoloxía poética», editado por Editorial Galaxia, é unha selección de poemas realizada por Margarida Pizcueta e Débora Álvarez, impulsoras do proxecto As Letras de Florencio, e que inclúe un prólogo de Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega.

Esta nova antoloxía foi concibida para achegar a obra de Florencio a todos os públicos, incluíndo a súa faceta de tradutor, e na súa presentación estarán tamén Francisco Castro, director da Editorial Galaxia, e Aurelio Blanco Trincado, presidente do Instituto de Estudos Valdeorreses. A presentación foi no centro Social Santa Lucía de Vilamartín, e previamente fíxose un roteiro arqueolóxico por algúns dos vestixios históricos

que se atopan nos arredores de Vilamartín. Guiado por José Fernández, presidente da Sección de Arqueoloxía do IEV, o roteiro partiudo CEIP Manuel Folla Respino dende onde se camiñou ata os restos dunha explotación aurífera de época romana que se atopa en Valdegodos, e despois ata os petroglifos do Bosque.

Logo do roteiro presentouse a antoloxía poética no Centro Social Santa Lucía. Coa presenza de Margarida Pizcueta, concelleira de Cultura do Barco de Valdeorras e co-autora da antoloxía, Débora Álvarez, coordinadora do proxecto As Letras de Florencio e co-autora da antoloxía, Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega, Aurelio Blanco Trincado, presidente do Instituto de Estudos Valdeorreses, e Francisco Castro, director de Editorial Galaxia.

Biografía sobre Gurriarán, de Ir Indo

Unha guía didáctica para traballar a súa obra con escolares e unha nova biografía sobre Florencio Delgado Gurriarán foron presentadas en Valdeorras, desta vez da man de Edicións Ir Indo. Débora Álvarez Moldes, directora do proxecto As Letras de Florencio, é a autora da proposta didáctica que será unha ferramenta clave para o traballo nos centros educativos no ano das Letras de Florencio.

No caso da biografía, os autores

son Tania Pérez Pérez e Xosé Ramón Campos e nela analizan a figura de Florencio abordando o seu legado cultural, político e literario. A presentación foi na Biblioteca Municipal Florencio Delgado Gurriarán do Barco e contou coa presenza, ademais dos autores e autoras dos libros, de Margarida Pizcueta, concelleira de Cultura do Concello do Barco e máis de Xelasio Suárez, xerente de Edicións Ir Indo.

Revista Cultural
Nós, a Xente do Redor Nº6
 Orixe Publicidade, 988 60 70 75 - 672 435 891
 Xa a Venda en: Mercería Fina Cruz, C/Dtor. Maraño 1, 988 049 333 - 625 484 781

5€

A Real Academia Galega celebrará en Córghomo a homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán

A RAG celebrará as Letras Galegas de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) cunha programación que achega propostas para todas as idades e que contará coa colaboración de novas figuras destacadas do tecido cultural do país. As iniciativas incidirán, dende o campo da investigación ata o audiovisual, en tres perfís fundamentais do autor, salienta o presidente da RAG, Víctor Fernández Freixanes: “A dimensión como poeta e traballador da lingua que emprega o galego das terras de Valdeorras como ferramenta de creación, a de resistente democrático e a de figura fundamental do exilio mexicano nun momento de actividade extraordinaria”.

Freixanes presentou na sede da institución a programación que a RAG desenvolverá co gallo do Día das Letras Galegas que lle dedica ao escritor natural de Vilamartín de Valdeorras. Xunto a el interviñeron Ricardo Gurriarán, biógrafo e familiar do homenaxeado; e Débora Álvarez Moldes, directora do proxecto As Letras de Florencio, que lle agradeceron á RAG que se fixese eco da reivindicación da sociedade valdeorresa dedicándolle o vindeiro 17 de maio ao autor.

O acto contou ademais coa presenza das académicas da comisión executiva da RAG, Margarita Ledo, Marilar Alexandre e Fina Casallerrey; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o alcalde de Vilamartín de Valdeorras, Enrique Álvarez Barreiro; o alcalde e a concelleira de Cultura do Barco de Valdeorras, Alfredo García Rodríguez e Margarita Pizcueta Barreiro; e o presidente do Instituto de Estudos Valdeorreses, Aurelio Blanco Trincado.



Sesión plenaria na sede da RAG na Coruña.

O presidente da RAG gabou o gran labor de recuperación da figura de Delgado Gurriarán que desenvolveron Ricardo Gurriarán e os promotores do proxecto as Letras de Florencio, que culminará nestas Letras Galegas 2022, unha celebración, subliñou, na que a institución traballará arreo para facer chegar ás rúas a importancia da súa figura e de todo o que representa. Farao cunha completa programación que se realizará co apoio da Xunta de Galicia, o Ministerio de Ciencia e Innovación, deputacións provinciais, concellos e a Fundación Barrié, entre outras entidades ás que lles agradeceu tamén a súa colaboración.

Ricardo Gurriarán puxo o acento na “integración” que Florencio Delgado Gurriarán concitou no exilio mexicano, no que foi “eixe vertebrador de todo

tipo de actividades”, e destacou tamén a súa aposta pola lingua galega máis alá da poesía, defendendo o seu uso en todos os eidos, dende a medicina ao dereito. Pola súa banda, Débora Álvarez Moldes confiou en que as Letras Galegas 2022 sirvan tanto para revitalizar a figura de Florencio Delgado Gurriarán como para poñer en valor as terras de Valdeorras.

De Valdeorras ao exilio mexicano

“Así como moitas veces visitamos polas Letras Galegas Buenos Aires, con Florencio Delgado Gurriarán a Academia viaxa simbolicamente por primeira vez no Día das Letras Galegas ao exilio mexicano. Alí, arredor do Padroado da Cultura Galega de México, houbo un momento de actividade extraordinaria na que Florencio Delgado Gurriarán

tivo unha presenza activa moi importante, xunto a outras figuras como o xornalista Luís Soto, o cineasta Carlos Velo ou os irmáns Bilbatúa”, explica o presidente da RAG.

A institución deterase tamén por primeira vez nestas Letras Galegas nas terras de Valdeorras. A ocasión permitirá celebrar o galego desta Galicia oriental e a poesía dun autor “que encarna a cultura popular e a relaciona, nos anos 30, coas vangardas, cantándolles á alegría de vivir, ao viño, ás tradicións populares; e que máis adiante conecta coa poesía civil que critica o castrapo, os caciques e a visión de Galicia dos que a querían negar”, engade.

Escaparate para colectivos

A RAG xa ten activada na súa páxina web, academia.gal, a sección das Le-

CASCO HISTÓRICO
OURENSE

Taberna  Enxebre

607 085 027 Lepanto, 14 baixo Ourense

TAPERÍA
COCOTE

Especialidade:
comida grega
Tosta mexicana
Rúa Fornos, 5
608 49 04 49
Ourense

tras Galegas 2022, que servirá de escaparate tanto para as iniciativas propias como doutras institucións e colectivos que traballen na divulgación do legado de Delgado Gurriarán. Neste espazo xa se pode ler a biografía do poeta asinada por Ricardo Gurriarán e tamén se comparten os primeiros episodios da serie de micropezas Polos vieiros de Florencio, da que se estreará cada semana un novo capítulo. A serie permitiralle ao público ir achegándose, da man de distintas voces, a aspectos relacionados coa vida e coa obra do autor. Como sintonía conta cun tema de Aire!, o último disco do dúo Caamaño&Ameixeiras, dúas artistas novas que forman parte da escena

que está a abrir camiños de futuro para a música tradicional.

O Portal das Palabras, a páxina web da RAG e a Fundación Barrié, acaba de estrear a súa sección das Letras Galegas 2022, onde xa están dispoñibles os primeiros contidos: tres xogos interactivos sobre o rico vocabulario da poesía de Florencio Delgado Gurriarán e un 'Allos con bugallos' sobre o léxico dos seus poemas mexicanos. Xa no mes de marzo, a RAG presentará en Vilamartín de Valdeorras a última edición do proxecto para o público infantil Primavera das Letras, que inicia unha nova etapa da man da escritora Leticia Costas, gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuve-

nil, e a ilustradora Blanca Millán.

Sesión plenaria en Córcomo

A Academia volverá á terra de Florencio Delgado Gurriarán para celebrar o Día das Letras Galegas. A sesión plenaria extraordinaria do 17 de maio terá lugar en Córcomo, a aldea onde naceu no ano 1903 e da que tomou un dos seus alcumes, Corgomófilo. Os discursos correrán a cargo da académica Rosario Álvarez e dos académicos Ramón Villares e Xesús Alonso Montero.

Xa no outono, como é tradición, terá lugar o Simposio das Letras Galegas, onde especialistas dende a filoloxía á historia presentarán investigacións con novas olladas ao universo do autor.

Publicacións

No apartado de publicacións, a RAG ten previsto editar o discurso que Florencio Delgado Gurriarán deixou escrito para unha posible cerimonia, co gallo do seu nomeamento como académico correspondente, que non chegou a producirse; e a entrevista que a antropóloga Dolores Pla lle fixo en México, unha edición anotada da que se fará cargo Ricardo Gurriarán. O historiador tamén será o responsable dunha escolma da rica correspondencia do homenaxeado. Por último, unha vez concluído o ano, o Boletín da Real Academia Galega recollerá as alocucións académicas do 17 de maio e os relatorios do Simposio Florencio Delgado Gurriarán.

Rutas educativas por Valdeorras

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, participou na presentación da programación das Letras Galegas 2022. Trátase dun amplo abano con máis de 150 actividades dedicado á figura do poeta, tradutor, editor, escritor e activista Florencio Delgado Gurriarán impulsado pola Xunta de Galicia, a Real Academia Galega e o Consello de Cultura Galega en colaboración con múltiples empresas, entidades, administracións locais.

Xa desde o punto de vista educativo, “porase en marcha unha iniciativa innovadora en colaboración cos concellos da comarca de Valdeorras”, anunciou Román Rodríguez. Desenvolveranse rutas educativas pola comarca para dar a coñecer os principais puntos de interese artístico, histórico, social e cultural do lugar. No eido educativo tamén se manterá o traballo dos Equipos de



Presentación da programación da Xunta.

Dinamización da Lingua Galega dos centros de ensino, cuxos recursos máis destacados poderán consul-

tarse no Portal da Lingua Galega. Pola súa banda, no ámbito académico, manteranse citas habituais

como o simposio organizado pola Xunta e a RAG, centrado na personalidade e na obra literaria do autor.

 **MIRANDA**
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Servizos técnicos forestais
e obra do rural

 **Xirela**

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

Florencio Delgado Gurriarán: vangarda e compromiso

■ Delfín Caseiro

A creación literaria de Florencio caracterízase por combinar con habelencia elementos realistas e satíricos, lirismo e denuncia social. Canto á forma, é unha poesía visual, colorista, moi plástica.

A obra poética de Delgado Gurriarán mergúllase na natureza, na terra, e imprégna-se do seu vitalismo. A súa cosmovisión integra todos os elementos, personificados e cargados de profundo simbolismo: o sol, o vento, a lúa, a outonía, o ceo, as estrelas, a neve, os montes, as árbores, as plantas, os animais, etc. Poesía de orientación goliardesca, de exaltación dos praceres da vida, que se materializan no viño e na augardente.

A obra poética de Florencio Delgado Gurriarán bebe en todas as fontes literarias da época: o hilo-zoísmo ou imaxinismo de Luis Amado Carballo; o creacionismo de Manuel Antonio; o neotrobadorismo de Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro; o neopopularismo de Eduardo Blanco Amor e de Federico García Lorca; o virxilianismo ou paisaxismo de Antonio Noriega Varela e de Aquilino Iglesia Alvariño; o lirismo cívico-combativo de Manuel Curros Enríquez e de Ramón Cabanillas.

A súa predilección pola excepcional lírica medieval galaico-portuguesa maniféstase xa nunha das súas primeiras composicións: “Ai reiseñor (no xeito dos vellos vates)” (1923).

Korgomófilo

Florencio asina os seus primeiros poemas, que aparecen en publicacións periódicas (*El Heraldo de Galicia*, *A Nosa Terra*), co revelador pseudónimo de Korgomófilo, para explicitar a súa integración plena na vida da localidade natal.

A súa poesía imaxinista, hilo-zoísta, tamén devén amorosa: amor panteísta a canto ten vida ou presenza. Hai optimismo, sensualidade, vitalismo, ledicia, mais non faltan os sentimentos opostos: morriña, saudade, pesimismo.

Os poemas de Delgado Gurri-

rán son delicados e entusiastas cantares a tres V: o VIÑO, ouro líquido, símbolo da xuventude e da eternidade; a VIDA, en todas as súas dimensións; o VAL fecundo de Valdeorras, terra de excelentes viños.

Poeta báquico, dionisiaco, moi-



tas composicións do poeta valdeorrés lévannos, de maneira directa ou indirecta (simbólica) aos praceres do viño ou da augardente e da sensualidade.

O castiñeiro (castiro), a nosa verdadeira árbore do pan ou da vida, é outra realidade natural que fascina ao poeta de Córrego. Símbolo do decorrer temporal e das cicatrices da existencia, os lonxeiros castiñeiros permítenos tocar cos dedos o pretérito remoto. A fermosa realidade valdeorresa está enteira nos versos de “Cousas, dez cousas de Valdeorras (no vran)” de *Bebedeira*, con forte carga simbólica da última estrofa.

O universo poético de Delgado Gurriarán aparece sintetizado na

composición “Nomes”, que abre o poemario *Valdeorrasas. Cantarenas do Val* (*Galicia Infinda*, 1963).

Dicía Otero Pedrayo que os nomes das cousas son as primeiras creación poéticas. Son os nomes da terra acolledora do exilio e os nomes

loitadores (guerrilleiros) e ás vítimas-mártires da barbarie belicista: “Alexandre Bóveda”, “Morte de Alexandre Bóveda”, “Segundo García Núñez”, “Un guerrilleiro (Antón Arias, “Clavel”)”. “Os lobos da xente”, que aparece no *Cancioneiro da loita galega*, denuncia con dureza a sanguinaria represión da posguerra na terra galega:


O ditador, o tirano, é obxecto do escarnio desapiadado do creador de Córrego, que se manifesta desde os mesmos títulos: “As cabalgadas do Farrucón Farruquiño”; “Home Pequeno - Fol de veneno.” Hai aínda un poema antibelicista e antiimperialista, en clave humorística, no que o autor aproveita para declarar novamente a súa filiación republicana: “Dou ao demo o millor” (“Dixo O que Araba Cos Lobos”).

Sociolingüística

Grande coñecedor do idioma, Florencio Delgado Gurriarán desmascara os prexuízos lingüísticos e burlase, mediante a parodia ou a ironía, dos desertores da lingua e daqueles que a ridiculizan. Hai composicións que son auténticas leccións de sociolingüística. A defensa fervorosa da lingua non pode pasar por alto os bárbaros atentados contra a toponimia. A fidelidade incuestionábel á lingua manifestase no seu monolingüismo creativo, nas súas reivindicacións e denuncias sociolingüísticas, nas traducións ao galego desde o francés, o inglés e o español, e nos estudos lingüísticos realizados (un incompleto vocabulario da fala de Valdeorras, un estudo sobre o adverbio, uns apuntamentos preparados para a revista *Vieiros*). Florencio Delgado Gurriarán expresa a súa preocupación pola pureza idiomática e sinala a necesidade de fixar un rexistro culto, literario, para a lingua.

O compromiso de Florencio con Galicia e coa cultura convérteo en activista e animador político-cultural na Terra e no exilio mexicano. Incorporase á Irmandade da Fala de Valdeorras no ano 1930 e afíliase ao Partido Galeguista en 1933.





Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA,
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfños. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Denominación de Orixe





PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
VEGETARIANOS Y VEGANOS

Maria Tapas
Bar

Comidas para levar

Rúa Unión 1
651 853 881

Escritores ourensáns presentaron seus traballos no Día do Libro



Dúas dúcias de autores ourensáns deronse cita o 23 de abril, no Centro Cultural Pontevelle de Ourense, para presentar os seus libros ao público. Asistiu unha nutrida representación do Circulo Poético Ourense co seu presidente José Ramón Morgade e con Toño Guede que asinou exemplares da súa última novela. Tamén o colectivo de Nós a Xente do Redor; os escritores Marina Sánchez, Armando Gonzalez, Eladio Rodríguez, Avelino Jácome, Paco Ascón e Miguel Ángel Martínez Coello. Os tres últimos presentaban novos libros: “Historias no Fumeiro,” “Tener o ser” e A Bela Otero.

O evento coordinado por Mario González Sánchez que achegou o seu éxito editorial “El Laberinto del Recuerdo” e o Centro Comercial Ponte Vella, foi un éxito de público. Preto dun milleiro de persoas pasaron por stands ao longo do horario comercial, de dez da mañán as nove

da noite.

Vintecatro autores de Ourense, “a chama da Atenas Galega inda segue en pé” en verbas de Marina Sánchez autora e tamén en representación do colectivo Nós, a Xente do Redor, cuxa revista tamén se podía mercar ali.

“Sentimonos orgullosos de pertencer a cerna da Cultura, seguiremos loitando por ela”. A autora e presentadora artista multicultural, entrevistou aos autores para o seu canal, Marina Sánchez - Canal Cultura en Youtube, onde irá devullando cada unha desas confidencias cos autores ourensáns.

Na foto Paco Ascón artista multicultural e autor do libro “Tener o Ser,” xunto ca fadista galega María do Ceo e Armando González, poeta e autor de moitas letras da fadista; sentada Carmen Belver, a musa de Paco e unha inspiración para todos.

Exposición dos debuxos orixinais do álbum de banda deseñada sobre a escritora de Weronika Hańczyc e Alicia Palmer

■ Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán acollerá ata finais de maio a exposición das ilustracións orixinais do álbum de banda deseñada sobre a vida de Emilia Pardo Bazán asinado pola escritora Alicia Palmer e a ilustradora Weronika Hańczyc. Do proceso de xestación e edición do volume, publicado por Cascaborra Ediciones en 2021 co gallo do centenario do pasamento da escritora, falon ambas as autoras na inauguración da mostra, que tivo lugar esta tarde na rúa Tabernas, 11 da Coruña.

“Poucas veces é posible apreciar a evolución gráfica das ilustracións que acabarán por converterse nun cómic. Desde os primeiros trazos a lapis ata as acuarelas finais, a Casa-Museo exporá os traballos de Weronika Hańczyc para ilustrar a frutífera vida da nosa escritora”, explica a

conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Xulia Santiso, que escribiu o limiar do volume xunto a Patricia Angulo. Santiso conversou con Weronika Hańczyc e Alicia Palmer sobre como foi o seu achegamento á figura poliédrica e avanzada á súa época de Pardo Bazán para trasladar a súa historia á linguaxe da banda deseñada.

O cómic Emilia Pardo Bazán viu a luz na colección Biografías en viñetas de Cascaborra Ediciones froito da colaboración de Alicia Palmer, guionista doutros títulos de banda deseñada cunha clara perspectiva de xénero como Hombres feministas ou Una mujer, un voto, e Weronika Hańczyc, quen asumiu o reto de ilustrar a vida de Pardo Bazán tras colaborar nos libros Intraterra e Infinita.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Especialidade en
rosquillas e melindres

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezaspontareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Percorrer as pegadas do teu Córrego querido, saudar aos gatos e ás galiñas que saíron ás congostras cando nos viron pasar, sí, Florencio sí, falei nun valado con dous gatos e cando xa me ía da conversa, sentín que o pintado quería ter un aparte comigo, revireime e acheguei a miña faciana a súa, como te coñece o condenado!

Faloume daquelas esmorgas, das xuntanzas nas adegas, das cantigas e lembranzas. Faloume ben fachendoso do apañadiño que viñas, cos teus traxes combinados de vendedor atrevido, faloume de cómo defendías a nosa lingua querida, faloume da túa nai, que sempre foi a terra, ata me contou de cando casabas aos viños, os godellos cos mencias, e dos suspiros que sufrías cando tiñas que ollar de lonxe os vales e as fontes, cando a morriña furgaba no teu peito, cando ao acordo che viñan os aconteceres e as borras dos bocois, as bágoas de Valdeorras!

Aqueles arrecendos a uva nos socalcos das ribeiras, as augas que escachaban coas mozas nas ourelas, daquela “Bebedeira”, de mozo feiticeiro que namorabas con versos as túas aldeas queridas, nas romaxes e nas festas, nos aconteceres diarios.

Camiñando cara a túa casa vin o escudo na cima, coma un facho, coma estrela alumeando no ceo, e na casa da veciña dúas galiñas latricando, criticando a colorada a plumaxe da máis branca, “parece que hai certas pitas que queren falar castelán e sálles sen querer o castrapo mesturado, pobriñas das galiñas que non queren defender o seu, que pensan que outros cacarexos teñen grande finura, confunden o balbordo coa cultura”.

As galiñas, ben o sabes, sempre falan cos poetas, unhas de cores azuis e outras con raínas brancas, e dicíalle unha a outra que eu ben as



Martínez Coello co gato.

escoitei; que ti que eras de boa casa, que non mudaches do galego como facían os outros para darse importancia, por moito mundo que andases,

igreja de Vigo, oíndo a misa en galego.

Baixamos á sepultura e achegamos unha coroa de loureiro verde, sabemos que che gustaban os arrecendos das árbores, os estralotes e os fentos, sabiamos que ti estabas ollando aos anaquiños, agardando que nós defenderamos a lingua, recitamos os teus poemas, uns de risas e outros de choros. Cando erguín a vista vinte a cabalo dunha aguia, percorrendo Valdeorras, libre coma unha onda entre as augas do Sil e o océano que te colma, un palleiro nunha malla cun ramiño de figueira.

Entón cando mirei para a beira, agochado entre dous anxos no fondo do cemiterio, alí estabas papá, ben ollei a túa pucha na testa e o sorriso nos beizos, escoiteiche dicir que; os homes como Florencio, viven sempre entre os seus, por moi torcidas que veñan, non se deixan abalar, por iso dígoche “Chiquito”, ti non te torzas nunca, nin deixes de zoar, os tabáns do Asneiro non poden calar.

Falando cos gatos e as galiñas de Florencio Delgado Gurriarán

■ Avelino Jácome

fixeches a mesma escolla, o amor á túa terra e á lingua que mamaras.

Despois fómonos achegando onde descansas agora, no cemiterio dos teus, onde sempre quixeches estar e atopei un paxariño que me quixo contar como choraches coma un meniño, naquela

E chiscándome un ollo engadiches rindo co teu bigotiño torcido; déixate de Andrómenas que terás que ir volvendo para Ourense que mañá toca traballar.


Adicado a Miguel Martínez Coello, que me acompañou nesta historia.

Frei Martín Sarmiento

■ Ramón Coira Luaces

Pedro Joseph García Balboa, máis coñecido como frei Martín Sarmiento, naceu en Vilafranca do Bierzo en 1695 e faleceu en Madrid en 1772. Foi fillo dunha familia nobre e pasou a súa nenez en Pontevedra, até que con quince anos marcha a Madrid para ingresar na orde beneditina. Converteríase nun dos principais ilustrados galegos, a pesar de ser monxe bieito e pasar a maior parte da súa vida fóra de Galiza: en Salamanca, León, Asturias e Madrid; aínda que visitou o país galego en tres ocasións, percorrendo boa parte do seu interior e das súas costas. Realizou estudos lingüísticos sobre o idioma galego e a súa orixe, así como de botánica e historia. Defendía que en Galiza se debían impartir as clases en galego e denunciaba: “os máis dos mestres non naceron en Galicia nin fixeron estudos de lingua galega e castigan aos nenos que soltan

algunha voz ou frase galega, como se dixesen unha herexía”. Defendía tamén a mellora da vida do campesiñado e que as mulleres debían poder optar a desempeñar calquera profesión, incluída a medicina. Entre os seus variados tratados, publicou un no que defendía ao Padre Feijóo, outro ilustrado galego, que coñeceu e tratou nun mosteiro en Oviedo (quen defendía a razón e loitaba contra as supersticións, defendendo tamén a educación das mulleres). Sarmiento condenaba os métodos que se aplicaban no dereito penal para chegar á verdade dos feitos (supoño que se refería á tortura) e opoñíase á pena de morte. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas no 2002. Carlos Casares publicou en Galaxia unha breve biografía del, titulada: “A vida do Padre Sarmiento”, que recomendo.



M
Abogados Moreno
www.abogadosmoreno.es

Rúa Galicia, 5 Bj. - 36450 Salvaterra de Miño Telf/Fax: 986 182 122
Calle Gran Vía, 13 Entreplanta 36402 Vigo
info@abogadosmoreno.es



Ponte...Nas Ondas! conmemora o seu 27 aniversario

Ponte...Nas Ondas! conmemora o seu 27 aniversario, unha experiencia que realiza actividades educativas e culturais en Galicia e en Portugal comprometida co traballo de recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común a galegos e portugueses a través de actividades culturais e pedagóxicas que promovan a identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono.

A difusión do patrimonio inmaterial galego-portugués é unha das liñas clave do traballo de Ponte...nas ondas! favorecendo a súa transmisión ás novas xeracións e a súa posta en valor. Dende o ano 2016, a UNESCO acreditou a Ponte...Nas Ondas! como ONG consultora para o PCI, única entidade acreditada en Galicia e unha das 12 na península ibérica.

En 2021, o Ministerio de Educación e Cultura de España, a Xunta de

Aquelas chamadas telefónicas desde as escolas aos estudos de radio desde onde se desenvolvía a anual xornada radiofónica interescolar vivíanse con emoción desde os centros educativos que seguían a programación desde as radios e os transistores nas aulas.

No ano 1997, facíase a primeira emisión por Internet, da man dun innovador profesor que ponía en streaming o sinal da xornada da radiofónica. A partir 1998 sería a compañía Telefónica quen faría o streaming de audio e vídeo, a primeira emisión audiovisual dunha experiencia educativa non profesional. Tamén se realizarían videoconferencias con Brasil e con Mozambique, entre outros países.

Actualmente celébrase o Día Mundial da Radio, cada 13 de febreiro e desde o portal ESCOLAS NAS ONDAS (www.escolasnasondas.com) divúlganse os traballos audiovisuais das escolas galegas e portuguesas.

A ponte do patrimonio

A actividade de Ponte...Nas Ondas! continúa con outras iniciativas no ámbito educativo e cultural, o certame “As imaxes do patrimonio” dirixido aos centros educativos e ás familias, que xa está na 5ª edición.

Así mesmo, Meniños Cantores 2 é a última iniciativa da asociación, un libro-usb no que participaron escolas ao longo da fronteira galego-portuguesa e que contou coa participación de escritores e artistas de Galicia e Portugal.

Unha ponte que se iniciou o 29 de marzo de 1995

Desde as ondas da Frecuencia Modulada daquel lonxano ano 1995 aos actuais podcasts que se moven polas redes sociais, Ponte...Nas Ondas! ten achegado a maxia da radio e o universo do patrimonio inmaterial a miles de xoves de Galicia e Portugal.



Recoñecementos a unha traxectoria

En 2004, coincidindo co 10 aniversario, o European Bureau for Lesser Used Languages (EBLUL) reconeceu o traballo de Ponte...nas ondas! como un exemplo de “boas prácticas”.

En 2005, a Xunta de Galicia outórgalle o premio Galicia de Comunicación á “Mellor iniciativa no campo da comunicación”. A Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG) tamén reconeceu o seu labor co premio “Bos e xenerosos”.

En 2013, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de España reconecen a experiencia como “Buena práctica Iberoamericana” pola calidade da experiencia, pola súa orixinalidade e creatividade e por explorar perspectivas innovadoras, apropiadas ao contexto no que se desenvolve e adaptable a outros medios e países.

No mesmo ano, a Asociación é nomeada “Juiz Honorario do Couto Mixto” (enclave transfronteirizo entre Galicia e Portugal) polo seu traballo co patrimonio inmaterial galego-portugués.

En 2014 recibe do grupo PRISA, o Premio ONDAS á “mellor cobertura do patrimonio inmaterial galego-portugués”.

En 2016, a UNESCO reconece a Ponte...nas ondas! como ONG consultora para o patrimonio cultural inmaterial.

E en 2017 a Fundación Pena Novo outorga o premio “Pena Novo” pola transmisión do patrimonio e a defensa da lingua.

PNO!

Colexio Plurilingüe

“LA INMACULADA”

Premio 2017 á Excelencia Educativa

Dende 1905 en Ponteareas





Teño pra min que a lingua escrita e súas regras son unha cousa e o idioma que fala a xente é outra. Con todo, a primeira non se pode dar sen a segunda e a segunda non pode perdurar no tempo sen a primeira. Galiza e as xentes que a habitamos dende tempo inmemorial foron quen de construír un idioma, primeiro falándoo e despois escribíndoo. Por iso custa entender que en pleno século XXI, o século das ciencias e dos coñecementos, mesmo poderíamos dicir que “Das Luces”, haxa linguas en perigo de extinción ou que morren sen deixar rastro. Outras sofren o drama da minorización programada por uns estados uniformizadores que demostran con políticas, por veces abertamente agresivas e noutras máis sibilinas, unha

profunda alerxia á diversidade cultural. Eu diría que á bio diversidade. Nesa tesitura estamos nós, defendendo aínda o idioma pra que non desapareza e xunto a el todo o sistema radicular que se nutre do mesmo: o literario, o audiovisual, musical, cultural...de grande calidade e prestixiado dentro e fóra do País. Ese é o grande éxito colectivo que nos ten que dar azos pra consolidar todo ese universo cultural en termos de PIB galego arredor dun 8% do mesmo, mais pra iso precisamos un Goberno Galego digno de tal nome.

Daquela, podemos estar orgullosos da nosa achega á máis útil, épica e relevante obra da Humanidade como é a construción dunha lingua propia: o galego-portugués. Isto en si mesmo xa é motivo de celebración e senón existira o “17 de Maio” ha-

beríao que inventar. Agora ben, hai perigos que están á espreita e deixarse levar pola autocompraxencia sería un erro de consecuencias imprevisibles. Por exemplo, sería un erro converter o galego nunha lingua de ritual ou pra encher as portadas dos xornais o “17 de Maio”.

A min ocórrense varias maneiras pra evitalo. A primeira aprendendo a querer á lingua e falar galego sen medo aínda que sexa mal, a melodía chegará. Promovendo a presenza do galego en todos os eidos da sociedade e aproveitando os soportes que a tecnoloxía permite, procurando ter presenza alí onde se move a xente moza. E sobre todo agarimar aos neofalantes que se achegan ao galego sen prexuízos. Creo que neles está o futuro.

Neofalantes: mil primaveiras máis para a lingua galega

■ Xose Antonio Arauxo

Na análise dos graves problemas que afectan ao presente e futuro da lingua galega adoito se reflicten cuestión sociolingüísticas absolutamente fulcrais, mais están menos presentes os problemas derivados do desaquelado marco normativo que sofre a nosa lingua, agás

cooficiais e o castelá, pois que só a respecto deste, como lingua oficial de todo o Estado, establécese a obrigatoriedade do seu coñecemento. Velaí a declaración parcial de inconstitucionalidade das leis de normalización lingüística do galego, catalán e euskera declarada polo TC en maio de 1986.

súa vez conecta coa exclusión práctica das mesmas no ámbito estatal. Ademais, o TC limitou substancialmente as obrigas de coñecemento do

gua cooficial, nomeadamente a medio do recoñecemento da súa obrigatoriedade. Unha reforma que proscibiría o dereito á ignorancia que algúns empregados públicos da sanidade, da educación, da policía, das Administracións e da xudicatura, canda determinados operadores xurídicos adoitan reclamar.

Mais esta reforma constitucional é ben difícil arestora, nunha conxuntura política na que avanza no Madrid político o *mainstream* recentralizador e da España de lingua, cultura e nación únicas. Velaí que sexan tempos de reivindicación e exploración de todas as posibilidades de desenvolvemento normativo que ofrece a lexislación vixente, nomeadamente a existencia do uso do galego nos procedementos xudiciais e administrativos o reforzamento das garantías para o uso do galego para persoas traballadoras e consumidoras e usuarias e o fomento da discriminación positiva no ámbito empresarial e da comunicación.

A importancia da lexislación lingüística.

■ Xoán Antón Pérez-Lema

quizais o que se refire ao uso do galego no ensino infantil e obrigatorio.

O Estado español recoñeceu un marco de cooficialidade para o galego, catalán e euskera no artigo 3 da Constitución de 1978. Porén esta cooficialidade, como interpretou despois o Tribunal Constitucional (TC), non garante a igualdade real entre as linguas

Os alicerces constitucionais devanditos complétanse cunha cláusula que declara que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas do Estado constitúe un patrimonio que haberá ser obxecto dun nomeado respecto e protección. Cláusula que denota cunha certa “musealización” das linguas distintas ao castelán que, á

galego, catalán ou euskera por parte dos empregados públicos.

Cumpriría unha reforma constitucional que permitise que cadanseu Estatuto autonómico recoñecese plena igualdade xurídica para cadansúa lin-



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Que língua falava Afonso Henriques?

■ Marco Neves

Latim clássico não era certamente. Não só a nossa língua provém do latim vulgar, das ruas, e não do latim clássico - como seria de estranhar que o latim, ao longo de mais de 1000 anos, não mudasse. Mudou - e mudou muito. Entre a chegada dos Romanos ao Ocidente da Península e o momento em que Afonso Henriques se torna rei, passaram séculos e séculos - mais séculos, aliás, do que já passaram entre o tempo de Afonso Henriques e o nosso próprio tempo.

Quando Afonso Henriques nasce, nas ruas já ouvíamos algo com características que hoje consideráramos muito portuguesas e muito menos latinas. Como exemplo, já se notaria a queda do "n" e o "l" em muitas palavras que, noutras línguas (como o castelhano) ainda se mantêm - por exemplo, a "luna" latina passou a "lua" no português e manteve-se "luna" no castelhano.

Apesar de ser já, em traços largos, a nossa língua, ninguém usava a designação "português" para a língua. O termo comum seria "linguagem", a linguagem do dia-a-dia, desprezada e sem forma escrita. Era, no entanto, mesmo sem nome, uma língua completa. As línguas vão mudando ao longo dos séculos, transformando-se e dividindo-se, mas - na oralidade - nunca estão numa fase imperfeita ou decadente. Estão sempre em contínua mudança. (A escrita é outra história...).

Agora, a surpresa: a tal linguagem que saía da boca de Afonso Henriques de -

envolveu-se, a partir do latim vulgar, numa parte do que é hoje o Norte de Portugal - mas também na Galiza. Naquele momento, não havia uma fronteira linguística entre o novo reino e o reino a norte. A língua de Afonso Henriques era a língua latina própria do

para quem quisesse saber mais sobre a origem da nossa língua.

Por altura da fundação do reino, a tal linguagem da rua, a língua da Galécia, começou a ser escrita - e há, aliás, muita boa literatura naquilo que hoje chamamos "galego-portu-

Quando Afonso Henriques se tornou rei de Portugal, que língua ouvíamos nas ruas de Guimarães? Seria latim? Seria português?

território da antiga Galécia romana. Para sermos precisos, a língua desenvolveu-se numa parte do território da Galécia, que incluía parte daquilo que é hoje o Norte de Portugal e a Galiza, como explicado no livro *Assim Nasceu Uma Língua*, de Fernando Venâncio, excelente leitura

guês" (um nome que ninguém usou até muitos séculos depois). A língua própria da antiga Galécia era uma língua que chegou a ser usada pelos reis castelhanos para escrever poesia - e foi usada, como aprendemos na escola, por D. Dinis na sua poesia e, cada vez mais, em documentos oficiais. Era o nosso português antes de se chamar português.

A língua da Galécia tornou-se a língua do novo reino de Portugal. Com alguma naturalidade, séculos depois, começou a aparecer o nome de "português" como designação da língua do reino - sem que a língua deixasse necessariamente de ser a mesma que se falava ainda a norte do Minho, na Galiza.

E no Sul? Na altura em que Afonso Henriques se tornou rei de Portugal, o Sul estava sob domínio muçulmano. A língua da população era, no entanto, o moçárabe, ou seja, a particular evolução do latim no Sul da península. Com a expansão do novo reino de Portugal para sul, a língua do Norte começou a invadir os novos territórios, sofrendo algumas influências

do moçárabe e, através deste, do árabe. A língua da Galiza e do Norte tornava-se, também, a língua do Sul de Portugal.

Como a capital ficou estabelecida em Lisboa, a forma particular da língua nessa cidade ganhou um prestígio particular, sem que tal significasse que fosse, de alguma maneira, a melhor forma de falar a língua. No Norte, o português continuou a ser falado como sempre foi. Mesmo na Galiza, onde a língua foi, durante séculos, raramente usada na escrita, a população continuou a falar, pelos séculos fora, algo muito próximo do que saía da boca dos portugueses do Norte.

Nas últimas décadas, com a expansão do uso do castelhano na Galiza e com a uniformização da língua portuguesa centrada nos usos do Sul (uma uniformização que não é completa, mas tem aproximado a forma de falar dos portugueses de todo o país), os galegos e os portugueses do Norte começaram a sentir uma divergência mais marcada naquilo que se fala na rua a norte e a sul do Minho.

Mesmo assim, ainda hoje há uma surpreendente proximidade entre o que se fala dum lado e doutro da fronteira entre Portugal e a Galiza - e note-se que estamos a falar de uma das mais antigas fronteiras do mundo. Muitos galegos ainda falam galego e nós, claro está, falamos português. Todos nós, portugueses e galegos, falamos qualquer coisa que descende da língua que se ouvia em Guimarães - mas também em Tui - quando Afonso Henriques se tornou o primeiro rei de Portugal.

Essa língua forjada na antiga Galécia está hoje noutras paragens do mundo, já o sabemos. Mas essa história fica para outro dia...

Este texto faz referência ao livro de Fernando Venâncio, *"Assim Nasceu uma Língua: Sobre as Origens do Português"*, Guerra & Paz Editores.



Concello de
Mondariz

17 DE MAIO | DIA DAS LETRAS GALEGAS

Lingua do sentimento
Lingua de namorar



Correlingua celebrará festas en máis de vinte centros educativos en Galicia

Correlingua volverá ser en 2022 unha das grandes actividades arredor da lingua nos centros educativos galegos. Máis de vinte festas entre maio e outono dinamizarán o uso da lingua en distintos centros educativos galegos, levando ata eles concertos, obradoiros, regueifas e outras actividades arredor da lingua.

Esta edición de 2022 foi presentada na Deputación de Lugo e comezará a súa actividade nos colexios nos primeiros días de maio. As actividades principais serán os concertos que compartirán espazo con obradoiros, regueifas e outras actividades

está recuperando o seu formato plenamente presencial, pero algunhas das súas festas serán, como en anos anteriores, emitidas por YouTube. O Correlingua 2022 finalizará o 26 de outubro cunha festa que terá lugar no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

As actividades principais serán os concertos que compartirán espazo con obradoiros, regueifas e outras actividades nos colexios, pero que tamén se celebrarán en teatros, auditorios e en algúns espazos ao aire libre.

O cartel das distintas festas estará encabezado polo grupo gañador do concurso Cantalingua celebrado semanas atrás e do que resultou gañador o grupo Mekánik Rolling Band. Tamén participarán nos concertos das festas os dous finalistas desta mesma convocatoria, Paco Nogueiras e Pauliña.

A Mekánik Rolling Band é un grupo de animación de rúa, que conta cun escenario móbil autoamplificado, e que incorpora efectos visuais de lume e pirotecnia a parte dun show enérxico, participativo e dinámico. No formato de escenario o show tamén inclúe efectos de lume e pirotecnia. Conta cunha traxectoria de 15 anos, nos que xiraron por toda a península e parte de Europa, exportando a música galega pola Península e a países como Alemaña, Austria, Francia e Italia. A banda está formada por Nolo Chazo a batería, Pepe Noya ó baixo, José Herme a guitarra, Martín Chenlo ó trombon, Adrián Trillo ó saxo alto, Daniel Vieito ó saxo tenor

e voces e Aitor García ó keytar e voces. No ano 2017, foron semifinalistas no Concurso GOT TALENT SHOW de Telecinco. Dende fai 5 anos, lideran o Ranking da plataforma Orquestas de Galicia facendo unha media de 90 concertos por temporada.

O segundo premio desta edición foi para Paco Nogueiras, coa canción, “Fálame!”, que aproveita o lema deste ano do Correlingua para animar á rapazada a usar o galego. Paco Nogueiras é un músico convertido a actor e un actor convertido en músico. Percorre o país cos espectáculos “Brinca Vai!”, “Radio Bulebule” e “Extra!” nos que se combinan cancións e interpretacións cos rexistros máis divertidos. Visitando escolas, bibliotecas, auditorios, rúas, prazas, vilas, aldeas.... Viaxará alí onde alguén queira cantar, rir, bailar ou simplemente escoitar coas mans e as orellas ben abertas! Os diferentes rexistros de Paco Nogueiras convérteno nun ser de espectáculo “todoterreno” capaz de afrontar retos de todo tipo.

O terceiro posto nesta edición do Cantalingua foi para Pauliña, a banda foi a gañadora da edición pasada desta mesma convocatoria. A canción deste ano é “Revolta eterna”. Pauliña ten á cambadesa Paula Chaves “Pauliña” a fronte e son moitas as súas influencias musicais que van dende o country o blues pasando polo folk, rock, ska, etc., conxugando todos estes estilos musicais nunha mestura a cal lle imprimen o seu selo propio, sendo unha proposta musical diferente e innovadora, que fai que os seus concertos non deixen a ninguén indiferente.



nos colexios, pero que tamén se celebrarán en teatros, auditorios e en algúns espazos ao aire libre.

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, sinalou o que un evento como Correlingua significa. “Demostra que hai moito activismo no ensino galego arredor da lingua, que hai unha grande motivación coa lingua e coa súa promoción”. Maceira sinalou que esta actividade “non pode ser ignorada todos os anos pola institución que xustamente ten as competencias educativas, como fai a Xunta de Galicia ao non apoiar ao Correlingua”.

Ana Vigo, da AS-PG, adiantou na presentación en Lugo as actividades que percorreren os centros educativos galegos baixo o lema Fálame!, que este ano protagoniza o evento. Vigo apuntou as dúas quendas de actividades deste ano: unhas que comezará nos primeiros días de maio e que percorreren as provincias de A Coruña e Pontevedra, e unha segunda quenda en outono que viaxará a centros das provincias de Ourense e Lugo. Correlingua

